



José Manuel Baltar Blanco participou, na Universidade de Vigo, na apertura do Máster en Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial, copatrocinado pola Cámara galega

## **O vicepresidente do Parlamento invoca a “vontade compartida” de Galicia e Portugal como clave do éxito da cooperación transfronteiriza**

- **Felicítase de que, logo de séculos de afastamento, Galicia e a Rexión Norte de Portugal superasen as reticencias e transiten por un “roteiro común chamado a render grandes froitos”**

**Vigo, 15 de outubro de 2009.-** “Logo de séculos de desconfianza mutua, referendada pola longa restra de fortalezas distribuídas ao carón da vella fronteira, España e Portugal en xeral, e Galicia e a Rexión Norte do país veciño, de modo particular, superaron, por fin, esas reticencias, e iniciaron un roteiro común chamado a render grandes froitos”. Son reflexións do vicepresidente primeiro do Parlamento de Galicia, José Manuel Baltar Blanco, que esta mañá participou, no reitorado da Universidade de Vigo, no acto de apertura do Máster en Políticas Comunitarias e cooperación Territorial, programado co apoio da Cámara galega.

Baltar Blanco, “convencido europeísta” como se definiu a sí mesmo, insistiu en que esa aposta pola cooperación territorial ofrece resultados “concretos e tanxibles” en eidos diversos que abranguen desde as infraestruturas de comunicación, a comercio exterior, o investimento empresarial ou o intercambio que se rexistra a cotío no propio mercado de traballo.

## **Vontade compartida**

Sen embargo, “nada disto tería sido posible sen unha vontade compartida dos dous pobos para derribar barreiras e tender pontes, nin sen o escenario acaído derivado da nosa integración na Unión Europea, a abolición das fronteiras interiores ou os diferentes programas incentivadores da cooperación transfronteiriza que tantos e tan notables resultados ten propiciado nas dúas beiras do Miño e na raia seca”, aseverou o vicepresidente do Parlamento de Galicia.

Abundou Baltar Blanco en que este entramado transfronteirizo se sustenta sobre “relacións de excelente boa veciñanza, forxadas a partir da confianza mutua, de igual a igual entre galegos e portugueses, convencidos de que deste xeito estamos a construír un futuro mellor para todos ao norte e ao sur do Miño”.

Por iso, en opinión do orador, “custa entender, as voces que se alzan advertindo sobre a hipotética nocividade destas relacións, baseadas na igualdade e no acordo, pero xamais na imposición ou en infundados complexos”.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia